

BLOQUE 3:

A ACCIÓN HUMANA

UD 8: PROBLEMAS ÉTICOS CONTEMPORÁNEOS

1.- A XUSTIZA



A xustiza é un concepto complexo e cambiante, extremadamente difícil de definir. **Que é a xustiza? Que debe ter un acto para ser considerado xusto?** A cabalo entre a ética e a teoría política, a xustiza debería ser a teoría sobre a que construír as leis e as institucións políticas.

Ao longo da historia o concepto de Xustiza variou e entendeuse de moi diversas maneiras:

- **Como Orden e Harmonía:** a Xustiza é a orde perfecta das partes dun todo, tanto a nivel individual (equilibrio das tres partes da alma) como social (equilibrio das tres clases sociais). Así o entenderon os gregos, concretamente Platón.
- **Como Equilibrio e Equidade:** a Xustiza é o punto intermedio entre dous extremos, pero non un punto aritmético se non un punto que varía en cada caso concreto; non é fácil acertar ese punto intermedio, aprendese con a repetición; por tanto apréndese a ser xusto; a xustiza (como a ética) é un hábito. É a teoría de Aristóteles.
- **Como Dereito Romano:** a Xustiza é a vontade de dar a cada un o que necesita; é a relación entre dar e recibir; depende do que aportes á sociedade así recibirás; se aportas máis mereces máis. É a visión do Dereito Romano.
- **Como Xustiza Divina:** existe unha Xustiza Terreal baseada na Lei Positiva que di que “é xusto outorgar a cada un o que merece”. Pero por enriba desa xustiza está a Xustiza Divina baseada na Lei Natural que ven directamente de Deus e que di que “é xusto dar máis do que se debe: misericordia, caridade, compaixón”. A Xustiza terreal é importante pero claramente insuficiente. Só somos realmente xustos se seguimos a xustiza divina. Relixión e Xustiza van unidas.
- **Como Utilidade Pública:** propia da época moderna, a xustiza sepárase da relixión e deixa de ser individual para pasar a ser un concepto que considera ao grupo social. O xusto é “aquelo que contribúa a que a maioría de xente teña a máxima cantidade de ben estar”. A Xustiza emana directamente do grupo e fundaméntase na existencia duns **Dereitos Humanos Universais** que postulan a todos os SH iguais ante a lei.

- **Como Igualdade:** inaugura a era contemporánea, nace ca Revolución Francesa (*“Liberte, egalite e fraternite”*) e consolídase no século XIX ca aparición dos Socialismos. A Xustiza é agora a perda dos privilexios históricos das clases privilexiadas e a igualdade de todos ante a lei pero tamén igualdade de oportunidades sociais e económicas. As desigualdades históricas teñen a súa orixe na estrutura económica non nas características intrínsecas dos individuos.

- **Como Imparcialidade:** xa no século XX, John Rawls afirma ca xustiza debe cumprir dous propósitos:

. **Principio de Liberdade:** mesmas liberdades básicas para todos

. **Principio de Diferencia:** recoñecidas as diferencias económicas, sociais, intelectuais, de oportunidades, etc, que existen nunha sociedade, o xusto é que exista un **Sistema Restituínte** que compense as clases menos favorecidas (a través da redistribución dos impostos).

2.- DEREITOS UNIVERSAIS

Un dereito é un privilexio que alguén posúe e ca Lei garante porque está recollido nun ordenamento xurídico establecido por un Estado.

A idea de que os seres humanos, polo simple feito de seren seres humanos, posúemos unha serie de dereitos anteriores a calquera lei (Lei Positiva) e que, polo tanto, ningunha norma ou goberno pódennos arrebatá-la, está hoxe mundialmente aceptada pero iso non foi sempre así. De feito ata a Revolución Francesa non se fala de dereitos universais (só fai 250 anos, un tempo ridículo comparado ca historia da humanidade) que os seres humanos teñen dereitos. Temos que consideralos como un gran logro da humanidade polo que traballaron e morreron moitas xeracións.

Os **Dereitos Universais** que, como o seu nome di, son:

- **Universais:** para tódolos seres humanos sen excepción
- **Inalienables:** ningún nin nada pódennos suspender nin parcial nin totalmente, nin sequera temporalmente
- **Imprescritibles:** nunca prescriben; nin ca idade, nin por actuacións feitas, etc

Un pouco de historia:

A primeira aspiración dunha sociedade na que todos os individuos viviran nunha sociedade xusta e que respectara os seus dereitos, foi da Ilustración: tanto dos enciclopedistas franceses como de filósofos alemáns (entre eles Kant). Pero esta aspiración non se consolidou ata o século XX.

O 10/12/1948 a **Asamblea Xeral de Nacións Unidas** declara os DH (DUDH).

Os DH están divididos en tres grandes etapas e fóronse consolidando ao longo destes 75 anos:

- **Primeira Xeración:** dereitos civís e políticos (dereito á vida, á integridade física, á liberdade, ao sufraxio universal, á liberdade de expresión, á participación política)
- **Segunda Xeración:** dereitos económicos e sociais (dereito ao traballo, a un salario e condicións dignas de traballo, á sanidade e ao ensino públicos de balde)
- **Terceira Xeración:** dereitos de ben estar (dereito á vida en paz, a un medio ambiente limpo, á no contaminación, etc)

Que exista unha DUDH non significa que estes dereitos sexan respectados (de feitos en moitas partes do mundo séguense a violar acotío), significa que recoñecemos eses dereitos e que, quen non o fai, está fora da legalidade e debe ser castigado. Un paso insuficiente pero moi importante. Que os DUDH non se respecten hoxe en día ten que ver ca nula capacidade punitiva das Nacións Unidas: pode denunciar a súa violación pero non ten medios nin potestade para castigala.

3.- A POBREZA

Definimos pobreza como aquela situación na que un individuo ou un grupo, non ten acceso a os recursos materiais, culturais, intelectuais ou sociais para poder realizarse completamente como ser humano. A pobreza non debe, polo tanto, medirse só en termos do PIB (Produto Interior Bruto: suma de tódolos bens e servizos finais que produce un país ou unha economía) porque o concepto pobreza vai máis aló da pobreza económica.

A pobreza tampouco é un estado natural dunha parte da humanidade senón que é froito dunha determinada maneira de distribuír os recursos existentes; é dicir: **é froito dunha economía determinada** que significa unhas **relacións de produción** determinadas (unha maneira de producir que crea unhas clases sociais determinadas e como se relacionan entre elas) e unhas **forzas de produción** (a posesión dos medios de produción: materia prima, recursos enerxéticos, capital, etc por unha desas clases sociais).

3.1.- O Circulo Vicioso da Pobreza: a pobreza xera un círculo do que é moi difícil escapar:

Baixos recursos	Escaseza de alimentos e de mala cualidade	Desnutrición	Baixa capacidade intelectual	Non capacitación para bos traballos	Baixos recursos por malos soldos
-----------------	---	--------------	------------------------------	-------------------------------------	----------------------------------

Baixos recursos	Vivienda e condicións de vida paupérrimas	Imposibilidade de asearse e ten bo aspecto	Mala impresión e desconfianza nas entrevistas de traballo	Poucas posibilidades de acceder a un bo traballo	Baixos recursos por malos ou nulos traballos
-----------------	---	--	---	--	--

Baixos recursos	Imposibilidade de acceder a formación	Mala capacitación	Mala resposta a entrevistas e mal <i>curriculum</i>	Poucas posibilidades de acceder a un bo traballo	Baixos recursos por malos ou nulos traballos
-----------------	---------------------------------------	-------------------	---	--	--

3.2.- A Feminización da Pobreza: segundo as estadísticas, hai máis mulleres que homes pobres no mundo. Cal é a causa de que as mulleres estean máis expostas á pobreza e teñan moito máis difícil escapar dela?

- . Peor preparación académica: en moitos lugares do mundo as mulleres non teñen acceso á educación ou é de moita peor cualidade.
- . Peor alimentación: en moitos lugares do mundo as mulleres acceden aos alimentos que sobran despois de alimentarse os homes; mesmo nas mesmas familias os nenos comen máis e mellor cas nenas.
- . Peores resultados intelectuais froito das dúas características anteriores que xera dificultade á hora de resolver calquera situación problemática.
- . Acceso só a traballos precarios e mal pagados que supoñen un deterioro físico, intelectual e emocional e menos recursos económicos para saír adiante.
- . “Obrigacións e responsabilidades engadidas” que dificultan a preparación e o éxito profesional (casas, fillos, enfermos, maiores ...).

4.- DESIGUALDADES DE XÉNERO

Sexo: condición biolóxica determinada xenéticamente. Os individuos son xenéticamente: XX (mulleres) ou XY (homes). Pero pode ser co **sexo xenotípico** (par de xenes) non coincida co **sexo fenotípico** (órganos sexuais que desenrola).

Xénero: condición social adquirida que supón a asignación de **roles** (deberes, dereitos, prohibicións e expectativas) a cada un dos sexos. Estes roles apréndense e interiorízanse a través da socialización ata o punto de consideralos xenéticos e non adquiridos.

Nin o sexo nin o xénero teñen nada que ver cas preferencias sexuais de cada individuo.

Os **roles de xénero non son gratuítos**, responden a intención de dominio e explotación dunha parte da sociedade á outra.

ROLES DE XÉNERO	
ROL FEMININO	ROL MASCULINO
Rol reprodutivo	Rol produtivo
Espazo privado	Espazo público

Traballo non remunerado ou mal remunerado Pobreza, indefensión, vulnerabilidade Servizo á sociedade a través do cuidado e a nutrición da sociedade: subordinación, anonimato	Traballo remunerado Formación, superación, autonomía Poder e xestión social: poder político, visualización, autoridade e dominio
---	---

Os roles de xénero seguen a crear graves desigualdades e inxustizas sociais

SEGURIDADE	O 35% das mulleres do mundo teñen sufrido violencia física 8500 nenas son mutiladas sexualmente cada día 34.000 nenas son obrigadas a casarse cada día (falamos de violación sistemática e consentida)
FOGAR	O 80% das mulleres do mundo encárganse integramente do seu fogar e familia
ENSINO	1/3 dos países en vías de desenvolto non garante a paridade no ensino básico (estudos primarios)
TRABALLO	O 24% das mulleres cobran menos por o mesmo traballo
POLÍTICA E EMPRESA	En 2021 só o 15% dos gobernantes do mundo eran mulleres e só o 19% tiñan cargos de responsabilidade alta en empresas

5.- DISCRIMINACIÓN DE MINORÍAS

Considérase discriminación ao **trato desigual e pexorativo exercido sobre un grupo de individuos polo simple feito de ser unha minoría**: étnica, relixiosa, de xénero, de identidade ou ideoloxía, por opcións sexuais, por condicións psíquicas ou físicas. A discriminación vai acompañada da atribución aleatoria e non científica nin contrastada de características negativas a eses grupos discriminados.

Ex: “Os *moros* cheiran mal” “Os xitanos son sucios e delincuentes” “As mulleres non saben conducir” “Os negros son menos intelixentes”.....

6.- PROBLEMAS MEDIOAMBIENTAIS

A relación da especie humana co medio é actualmente insostible. As prácticas de consumo superan amplamente as posibilidades naturais de rexenerarse do planeta. Isto tampouco é casual nin azaroso.

Esta maneira de explotar os recursos naturais iníciase na modernidade (séculos XVI e XVII) e vai en aumento ca Revolución Industrial (séculos XVIII e XIX). A necesidade de explotar os recursos do planeta consolidáranse co **Imperialismo** na que o nivel de produción e

consumo do mundo occidental, vai requirir saír do propio territorio e explotar os recursos de outras nacións, concretamente de Sudamérica e África.

As **consecuencias do ritmo produtivo e de consumo** na actualidade son, entre outras:

- Contaminación de terras
- Contaminación e/ou secado de acuíferos subterráneos
- Contaminación de mares e océanos
- Deforestación, erosión e desertización (pola choiva ácida, a presión inmobiliaria sobre os terreos forestais ou agrícolas, etc)
- Destrución da capa de Ozono
- Cambio climático
- Desxeo dos casquetes polares e subida do nivel do mar
- Desaparición de flora e fauna

Posibles **solucións**:

- Reconsideración do sistema económico e de consumo: **decrecemento** (transición a unha economía máis pequena con menos produción e menos consumo). **Redución, Reutilización e Reciclaxe**. Pero fundamentalmente redución do consumo.
- Reformulación dos valores sociais e culturais
- Entender a Ecoloxía como factor determinante da nosa estrutura social.

6.1.- O Movemento Ecoloxista: nace ao inicio da **era industrial** como unha protesta ante a maneira de explotar os recursos xerais e dos residuos que xera. Pero é sobre os anos 70 e 80 no que cobra máis forza ante a emerxencia do planeta e a constatación da necesidade de variar o rumbo. Algunhas das asociacións ecolóxicas máis coñecidas son:

- Greenpeace
- Amigos da Terra
- WWF (*World Wide Fund for Nature*)

O movemento ecoloxista nace co obxectivo de defender ao planeta das constantes agresións e de costas ao poder político ante a pasividade e irresponsabilidade deste.

No século XXI o ecoloxismo forma parte de algunhas das reclamacións máis importantes da adolescencia e a xuventude que reclama un planeta no que poidan vivir. Figuras como Greta Thunberg foi capaz de mobilizar a un gran número de adolescentes nos chamados **Friday For Future**.